

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade

8M 2026
*Día Internacional
da Muller*



Imaxe da campaña institucional do 8M da UVigo, deseñada por Marta Conde, Conxenia

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310

igualdade@uvigo.gal

986 813 419



Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo



CONTIDO

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	4
XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS.....	5
CONVOCATORIAS.....	5
SUXESTIÓNS.....	6
INVESTIGACIÓN.....	6
REVISTAS.....	11
NOVAS DO DUVI.....	13
NOVAS.....	14
DATOS.....	19
FERRAMENTAS DE IGUALDADE.....	19

FEBREIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
5	26	27	28	29	30	31	1
6	2	3	4	5	6 <small>Día Internacional contra a Mutilación Xenital Feminina</small>	7	8
7	9	10	11	12	13	14 <small>Día Europeo da Saúde Sexual</small>	15
8	16	17 <small>Martes de Entroido — Festivo local en Ourense</small>	18 <small>Mércores de Cinza — Festivo local en Pontevedra</small>	19	20	21	22 <small>Día Europeo da Igualdade Salarial</small>
9	23	24	25	26	27	28	1

AXENDA

5 de marzo: Acto institucional do Día Internacional das Mulleres. [+Info](#)

Ás 12:00 h na Sala I do Edificio Miralles. Presentación da campaña e entrega do XIV premio Uviguala de compromiso coa igualdade de xénero da Universidade de Vigo.

Traducir, escribir e editar hoxe. Conversa con Elvira Asensi e Cynthia Menéndez

Data: 2 de marzo, de 12:30 a 14:00 h

No Salón de graos (Aula Fernández Romero).

Organiza: Facultade de Filoloxía e Tradución.

Xornadas arredor do Día Internacional da Muller do ciclo «Cine e Xustiza»

Datas: 4 de marzo de 15:30 a 21:00 h e 6 de marzo de 10:30 a 15:00 h

Presencial e con posibilidade de seguimento en liña.

Organiza o Instituto de Investigación Xustiza e Xénero

Ciencia en Feminino: Catro traxectorias, mil desafíos.

Datas: 5 de marzo ás 12:00 h

No Salón de graos do Edificio de Ciencias Experimentais.

Con inscrición previa.

Organiza: Cinbio

FORMACIÓN**As mulleres que opinan son perigosas. [+Info](#)**

Foro organizado pola Deputación de Pontevedra o 13 e o 14 de marzo no Teatro Principal de Pontevedra

Seguridade dixital, xénero e uso ético da IA. Inicio do curso 15 de setembro de 2026.
(ES) [+Info](#)

Xénero e interseccionalidade. (EN) [+Info](#) Curso masivo en liña

Sexuando o lenzo: arte e xénero. (EN) [+Info](#) Curso masivo en liña

Cara a unha alfabetización mediática e informativa sensible ao xénero. (EN) [+Info](#)

Xustiza de xénero e dereitos humanos: combater o auxe do movemento antixénero. (EN) [+Info](#)

Curso masivo en liña organizado por Amnistía Internacional.

MOOC Unha historia global do sexo e o xénero: corpos e poder no mundo moderno. (EN) [+Info](#)

MOOC Feminismo e xustiza social. (EN/ES) [+Info](#)

As Rebeldes Periféricas. Disponibles os audios do curso organizado por Traficantes de Sueños sobre a historia dalgunhas das mulleres que protagonizaron as revolucións desde os anos 60 do século XIX ata os anos 30 do século XX. [+Info](#)

Campus Virtual de UNFPA. Formación en liña asíncrona con varias accións formativas dispoñibles. [+Info](#)

Feminismo, xénero e política. MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres (ES) [+Info](#)

Cátedra Extraordinaria Valores Democráticos e Xénero. (ES) [+Info](#)

Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade.
Inscripción aberta ata cubrir as prazas dispoñibles. (ES) [+Info](#)

XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS

Congreso Internacional «Muller rural e reto demográfico: propostas tanxibles para a institucionalización da perspectiva de xénero nas comunidades rurais». En formato híbrido os días 4 e 5 de marzo. [+Info](#)

Congreso Internacional «Adiantar o reloxo de España». Mulleres, esfera pública e intermedialidade en torno ao Lyceun Club Feminino. Campus de Guajara, La Laguna (España), del 15 al 17 de Abril [+Info](#):

I Congreso Internacional de Hispanistas sobre Estudos Literarios Femininos: «(Re)escrituras del canon: autoría feminista, genealogías críticas y poéticas disidentes». Universidad de Alcalá, 18, 19 y 20 de maio. [+Info](#)

Congreso Mundial de Estudos de Xénero e Sexualidade 2026 (GSS 2026). Os días 18 e 19 de maio en Ámsterdam. [+Info](#)

XXXIV Congreso da Asociación de Estudos de Xénero e Sexualidades (AEGS). Coidando o mundo: novas narrativas de xustiza, xénero e afectos. Os días 20, 21 e 22 de maio na Universidad de Oviedo. [+Info](#)

I Congreso Internacional de Tecnoloxías Emerxentes e Xénero. Sevilla, 30 de setembro, 1 e 2 de outubro de 2026. [+Info](#)

XII Congreso Internacional de Xénero e Comunicación (GenderCom 2026). Con sesións virtuais os primeiros días e formato presencial do 7 ao 9 de outubro na Facultad de Comunicación y Documentación da Universidad de Granada. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Congreso Mundial de Estudos de Xénero e Sexualidade 2026 (GSS 2026). Ata o 20 de marzo. [+Info](#)

Sexuality Research and Social Policy. Número especial: Xustiza e traballo sexual: desenvolvendo e descentrando debates. A data límite para o envío de artigos é o 10 de abril de 2026. [+Info](#)

Investigaciones feministas. Xénero e opinión pública na sociedade contemporánea: fendas nas actitudes sociopolíticas e esfera dixital. Plazo aberto ata o 12 de abril de 2026. [+Info](#)

Behavioral Sciences. Número especial: Violencia sexual contra as mulleres en todos os contextos: prevención, educación e intervención. Prazo aberto ata o 26 de maio do 2026. [+Info](#)


JMIR Medical Education: Nesgos, Diversidade, Inclusión, e Competencia cultural en Educación Médica. Aberto ata o 31 de xullo do 2026. [+Info](#)

I Congreso Internacional de Tecnoloxías Emerxentes e Xénero. Convocatoria aberta para o envío de resúmenes e pósteres ata o 15 de agosto de 2026. [+Info](#)

Feminist Formations. Convocatoria aberta para envío de artigos de diversas temáticas feministas. A data límite de envío de propostas é o 31 de decembro de 2026. [+Info](#)

SUXESTIÓNS

O debate sobre a prohibición do *hiyab*, o *niqab* ou o *burka* en Europa non é unha simple cuestión de vestimenta, senón un conflito profundo que pon en xogo a soberanía sobre o corpo das mulleres. Segundo os marcos xurídicos actuais, a Unión Europea non dita unha prohibición xeral, pero o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE, 2017) e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen avalado restricións en contextos laborais ou de seguridade pública, sempre que sexan proporcionais. Recentemente, en España, o Congreso rexeitou prohibir o veo integral en espazos públicos, provocando reaccións de todo tipo.



Extracto dunha infografía publicada na web de El Orden Mundial onde se explican as diferenzas entre os principais tipos de veo islámico

Desde unha perspectiva feminista, as posicións son complexas. Por un lado, autoras como [Fatima Mernissi](#) (1991) expoñen que o veo pode funcionar como un dispositivo de control patriarcal ligado á distribución do poder simbólico e á limitación da mobilidade das mulleres. Nesta liña, o uso forzado convértese nunha obriga que impide a súa participación plena na vida pública. Porén, este discurso de «liberación» é cuestionado desde posturas decoloniais. [Frantz Fanon](#) (1965) xa advertira como, no contexto colonial, o «desvelamento» forzado foi un símbolo de superioridade do colonizador. A regulación da vestimenta —tanto para obrigar a taparse como para obrigar a destaparse— responde á mesma lóxica de fondo: considerar o corpo das mulleres un obxecto sobre o que outros poden decidir, avaliar e xulgar. A imposición de modestia extrema e a esixencia de exhibición son dúas caras dun mesmo proceso de cousificación: o corpo feminino é medido, vixiado e utilizado para representar valores colectivos.

Por outra parte, moitas mulleres musulmás, incluídas feministas, afirman que o uso do veu islámico pode ser unha elección consciente, ligada á identidade, á fe ou mesmo á protesta fronte a unha sociedade que estigmatiza os seus corpos e a súa presenza. Neste sentido, denuncian que unha prohibición veu, especialmente en Europa, reproduce unha vez máis a lóxica colonial: preséntase como salvación, pero en realidade retíralle ás mulleres o dereito a decidir como aparecer en público, condicionando o acceso á escola, ao emprego ou aos servizos se non se adaptan ao código de vestimenta imposto polo Estado.



Imaxes do traballo fotográfico de Iman El Azrak «Two faces»

O caso de **Francia** é o exemplo máis próximo dos efectos destas prohibicións. Coa lei de 2004, que prohíbe o uso de «signos ou roupas que manifesten unha pertenza relixiosa nas escolas, colexios e institutos públicos», e a de 2010, que veta a ocultación do rostro nos espazos públicos, os resultados sociais foron preocupantes, como se amosa nun [artigo](#) de investigadores da Paris School of Economics (2019) e no [Informe de Open Society Foundations After the Ban](#). No canto de ser unha medida liberadora, observouse un

incremento do abandono escolar entre mozas musulmás e unha *guetización* laboral. Ao prohibir o *niqab* e o *burka*, o Estado francés, fixo que moitas mulleres pasaran a vivir illadas no ámbito doméstico. Autoras como [Joan W. Scott](#) (2007) sinalan que estas leis funcionan a miúdo como mecanismos de delimitación identitaria para excluír ás minorías, mentres que [Saba Mahmood](#) (2005) defende que a axencia política tamén pode expresarse a través de prácticas relixiosas asumidas voluntariamente. Na mesma liña pronunciouse o [Comité de Dereitos Humanos da ONU en 2018](#).

A xustificación da seguridade pública merece unha reflexión crítica. Aínda que a identificación pode ser necesaria en contextos específicos, a prohibición xeral acaba por castigar ás mulleres en lugar de protexelas. Se unha muller é multada ou expulsada do espazo público pola súa vestimenta, a súa autonomía vese dobremente reducida: pola presión do seu contorno e pola coacción do Estado. Como advirte [Judith Butler](#) (2008), o risco é instrumentalizar os dereitos das mulleres para lexitimar políticas de exclusión.

Un enfoque feminista transformador podería pasar por propoñer un cambio de paradigma: pasar do castigo á **protección da autonomía**. Este cambio de enfoque permitiría ampliar a rede de seguridade para que as mulleres poidan escoller libremente. Isto significa protexer á muller que desexa levar o veu fronte á discriminación laboral e social, e protexer con igual contundencia á que decide non levalo fronte ás ameazas do seu entorno. A autonomía require

ausencia de coaccións —familiares ou institucionais— e condicións materiais reais para exercer a liberdade. En definitiva, a verdadeira emancipación non se logra regulando o armario das mulleres, senón garantindo que sexan suxeitos políticos con voz propia en calquera circunstancia.



Fotografía de Mahsa «Zhina» Amini

Sen embargo, noutros contextos, o problema adopta a forma contraria: non se discute o dereito a levar ou non levar determinadas prendas, senón que a súa imposición é obrigatoria por lei ou por normas sociais extremadamente coercitivas. En países onde o *hiyab* ou outros códigos de vestimenta son esixidos de maneira estrita, como pasa co *burka* en Afganistán, a desobediencia pode traducirse en castigos directos para as mulleres —multas, detencións, violencia física ou ameazas máis graves—, o que introduce unha dimensión de risco e de control institucional dos seus corpos diferente da que se dá no marco regulatorio europeo, aínda que tamén aquí estean en xogo dereitos fundamentais e dinámicas de racismo, islamofobia e sexismo.

O 13 de setembro de 2022, Mahsa «Zhina» Amini foi detida en Teherán por non levar correctamente o *hiyab* e foi golpeada pola policía da moral iraní. Despois foi levada ao hospital onde morreu o 16 de setembro. O seu asasinato provocou revoltas por todo o país e mostras de solidariedade en todo o mundo. De feito, desde fai anos, as mulleres en Irán veñen articulando resistencias fronte ás leis do *hiyab* mediante estratexias de base, colectivas e diversas. Un dos movementos máis coñecidos foi o dos «Mércores brancos», impulsado pola xornalista e activista irano-estadounidense [Masih Alinejad](#). Esta campaña convidaba as mulleres a vestir veos brancos os mércores como forma de protesta, ou a retiralos en espazos públicos e gravar ese xesto. Eses vídeos difundíanse nas redes sociais para animar outras mulleres a sumarse, como un acto de desafío fronte á imposición e de solidariedade entre elas.

Se colocamos estas controversias nunha perspectiva máis ampla, vemos que a regulación da vestimenta feminina é unha constante histórica de control e disciplinamento dos corpos das mulleres. A prohibición do pantalón para as mulleres en moitos países ata ben entrado o século XX, as leis e códigos non escritos que impedían mostrar o cabelo ou os ombreiros en espazos públicos, ou a persecución de prendas asociadas a mulleres racializadas —como o propio *hiyab*, o *niqab* ou determinadas roupas tradicionais afrodescendentes— ilustran como o poder decide que corpos poden ser visibles, desexables ou respectables. Tanto a imposición de cubrirse como a prohibición de facelo forman parte da mesma lóxica de dominio: o Estado, as institucións ou as autoridades relixiosas e comunitarias definen os límites da respectabilidade e da cidadanía das mulleres a través da roupa, condicionando así a mobilidade, a seguridade e a capacidade de decisión das mulleres sobre a súa propia aparencia.

Achegamos algúns recursos para seguir afondando nesta cuestión tan complexa e actual:

- [Debates sobre «el velo». Relaciones y encuentros entre el feminismo y el Islam](#) (2014)
- [Feminismo e Islam con Sirin Abdli](#). (2011)
- Entrevista a Laura Mijares, co-autora do libro [Los feminismos ante el Islam. El velo y los cuerpos de las mujeres](#).
- Suárez Navaz, Liliana; Hernández Castillo, Rosalva Aída; Blackwell, Maylei (2008). [Descolonizando el feminismo: teorías y prácticas desde los márgenes](#).
- Congreso Internacional de Feminismo Islámico (2005-2006). [La emergencia del feminismo islámico: selección de ponencias del Primer y Segundo Congreso Internacional de Feminismo Islámico](#).
- Badran, Margot (2012). [Feminismo en el Islam: convergencias laicas y religiosas](#).
- Eltahawy, Mona (2018). [El himen y el hijab: por qué el mundo árabe necesita una revolución sexual](#)
- Al-Sa'dawi, Nawal (2017). [La cara oculta de Eva: la mujer en los países árabes](#).
- Alba Rico, Santiago (2026). «[¿Es libre una mujer velada?](#)».
- Vasallo, Brigitte (2025). «[La liberación según Margaret Thatcher](#)».
- Marchena, Carmen (2017). Entrevista a Nadia Hindi Mediavilla: «[Ningún hombre ni Estado puede imponer el uso del velo o su eliminación](#)».
- Zabalbeascoa, Anaxu (2017). Entrevista a Nawal Al-Sa'dawi: «[No se puede ser feminista y aprobar el uso del velo](#)».

INVESTIGACIÓN

Nin poucas nin covardes. Monólogos novos para voces doutro tempo. (ES) [+Info](#)

A fenda retributiva entre mulleres e homes. (ES) [+Info](#)

Identificación de desigualdades de xénero nos camiños a participación política: un marco QCA de gran tamaño. (EN) [+Info](#)

Perspectivas de xénero sobre a estratificación de habilidades dixitais entre persoas traballadoras da manufactura: implicacións para a xestión estratéxica de recursos humanos. (EN) [+Info](#)

Estrés, felicidade e satisfacción vital xuvenís a través do estado de morbilidade: unha análise estratificada polo xénero. (EN) [+Info](#)

Eliminar as fendas salariais: o papel da elaboración do orzamento para o aumento salarial. (EN) [+Info](#)

Xuízos sociais na intersección de clase e xénero entre as culturas. (EN) [+Info](#)

Asociacións específicas do sexo entre a fragilidade e os resultados a longo prazo en pacientes con infarto agudo de miocardio: un estudo nacional baseado na poboación. (EN) [+Info](#)

Tendencias temporais na proporción de homes e mulleres na incidencia do autismo: estudo poboacional, con recollida prospectiva, nunha cohorte de nacemento. (EN) [+Info](#)

Escalar con nesgos? O papel dos coñecementos e da experiencia en RRHH das persoas fundadoras na contratación e nos nomeamentos de persoal directivo. (EN) [+Info](#)

Imaxinería visual e logro ocupacional en CTEM: o xénero importa. (EN) [+Info](#)

Cando o séxting sae mal: o alcance do intercambio non consentido e a sextorsión entre adolescentes dos Estados Unidos. (EN) [+Info](#)

Autenticación multifactorial: a perspectiva intuitiva dos homes novos sobre o sexo consensual. (EN) [+Info](#)

Avaliación da seguridade e das variacións baseadas no xénero en marcapasos cardíacos e dispositivos relacionados: resultados dun estudo de cohorte prospectivo. (EN) [+Info](#)

Representación das mulleres migrantes e/ou racializadas no sector cultural. [+Info](#)

Vendendo masculinidade: unha análise cualitativa das representacións de xénero no contido de redes sociais sobre «baixa testosterona». (EN) [+Info](#)

Da amabilidade ás restricións: como o sexismo benevolente dos cónxuxes prexudica ás mulleres académicas en parellas con dobre carreira académica. (EN) [+Info](#)

Diferenzas de sexo na presentación clínica de pacientes con mieloma múltiple recién diagnosticado. (EN) [+Info](#)

A regulación á alza relacionada co sexo da sinalización morfoxénica de proteínas óseas inhibe a neuroxénese adulta en ratos modelo da enfermidade de Alzheimer APPNL-G-F. (EN) [+Info](#)

Pódese medir a «masculinidade tóxica»? Os científicos tentan cuantificar este termo controvertido. (EN) [+Info](#)

Non asumas que as baixas taxas de retracción das mulleres reflicten a «ousadía» masculina. (EN) [+Info](#)

O que o futuro lle depara á IA: a visión das persoas que a están a moldear. (EN) [+Info](#)

Estas mulleres axudaron a dar forma á mecánica cuántica; é hora de recoñecelas. (EN) [+Info](#)

A encarnación virtual aumenta a sensibilidade masculina ante as experiencias de acoso de rúa (catcalling). (EN) [+Info](#)

Os estereotipos de xénero nas nacións relaciónanse coa posición social de mulleres e homes: evidencias de enquisas de opinión pública transculturais. (EN) [+Info](#)

Risco a trinta anos de enfermidade cardiovascular entre mulleres sas segundo os limiares clínicos de lipoproteína(a). (EN) [+Info](#)

REVISTAS

Revista ex æquo Núm. 52 (2025). Dossier «Consentimento e violencia sexual». (PT/EN/ES) [+Info](#)

Clepsydra Núm. 29 (2025): Cando o xénero fala: crenzas, discursos e usos lingüísticos. (ES) [+Info](#)

Journal of Feminist, Gender and Women Studies. Monográfico: Representacións contemporáneas de mitos femininos e masculinos. (ES) [+Info](#)

Gender & Society Volume 39 (outubro do 2025). (EN) [+Info](#)

Gender, Work & Organization: Volume 33, Issue 1. (EN) [+Info](#)

Biology of Sex Differences. Volume 17 (2026). (EN) [+Info](#)

Femeris. Vol. 10 Núm. 3 (2025). (ES) [+Info](#)

Journal of Feminist, Gender and Women Studies. Núm 19 (2025). (ES) [+Info](#)

Revista igUALdad. Volume 29 (2025). (ES) [+Info](#)

Social Politics. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)

Sexualities. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)

Gender, Technology and Development. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Feminist & Psychology*. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women & Therapy*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Anthropology*. Volume 6 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology & Sexuality*. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Economics*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Legal Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence and Gender*. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)
- Hypatia*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Revista Estudos Feministas*. Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)
- Gender & History*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 38 (2026). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 153 (2026). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 27 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 41 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 27 (2026) (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 35 (2026). (EN) [+Info](#)
- Gender Issues*. Volume 43 (2026). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture*. Volume 33 (2026). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 32 (2026). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 15 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 34 (2026). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs*. Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Journal of Sexual Health*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality and Culture*. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Men's Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender-Based Violence*. Volume 10 (2026). (EN) [+Info](#)
- Women and Criminal Justice*. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's Studies International Forum*. Volume 116 (2026). (EN) [+Info](#)
- Géneros*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's History Review*. Volume 35 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Histories*. Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)
- Religion and Gender*. Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality Research and Social Policy*. Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

Filoloxía e Tradución inaugura «Universo Quixotas», unha ollada feminina ao mito de Don Quixote. [+Info](#)

Ciencia en Feminino no CINBIO: catro traxectorias, mil desafíos. [+Info](#)

eXXperimenta en Feminino somerxe a case 400 escolares na ciencia, a tecnoloxía, a enxeñaría e as matemáticas sen prexuízos de xénero. [+Info](#)

O campus celebra o Día de Rosalía reivindicando a vixencia do seu legado poético. [+Info](#)

O concurso de creación artística do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia premia a doce rapazas. [+Info](#)

O 11F que descubrín na UVigo que quería ser científica. [+Info](#)

O día 20 de febreiro o campus abrirá as súas portas coa feira científica e divulgativa eXXperimenta en Feminino. [+Info](#)

Así se loita contra a discriminación por razón de xénero e pola xestión soberana dos recursos na pesca e na acuicultura. [+Info](#)

A conmemoración do Día da Muller e na Nena na Ciencia arranca na UVigo «rachando estereotipos». [+Info](#)

Novos 20.000 euros en axudas para organizar actividades docentes e de sensibilización en xénero. [+Info](#)

11F na UVigo: un mes de actividades para visibilizar o papel das mulleres na ciencia e rachar estereotipos. [+Info](#)

NOVAS

Irán confirma a morte de 85 persoas, a maioría nenas, no ataque de Israel a unha escola de primaria feminina. (ES) [+Info](#)

Desenmascarar o exclusivo club masculino da Academia. Os arquivos de Epstein sacan á luz unha rede académica elitista, endogámica e profundamente corrupta. (EN) [+Info](#)

Un tribunal indonesio condena a 18 anos de prisión a dous homes polo asasinato de Matilde Muñoz. (ES) [+Info](#)

As campeonas olímpicas de hockey xeo plantan a Trump na Casa Branca despois dun comentario «misóxino» do presidente. (ES) [+Info](#)

O supremo confirma a condena de prisión a un policía que tentou agredir sexualmente a unha subordinada nun bar. (ES) [+Info](#)

A xustiza andaluza rexeita a linguaxe inclusiva e conclúe que o termo «avogado» non invisibiliza as mulleres avogadas. (ES) [+Info](#)

Qué fallou coa vítima de violencia machista de Ibiza: un dispositivo en dúbida e unha orde de afastamento insuficiente. (ES) [+Info](#)

A voz como alerta: Investigadores da Universidade Carlos III crean unha IA para detectar a violencia de xénero. (ES) [+Info](#)

En Galicia hai 4741 vítimas de violencia machista con ordes de afastamento. (ES) [+Info](#)

Igualdade pedirá a Xustiza que mellore a protección das vítimas nos casos con pulseiras antimaltratadores. (ES) [+Info](#):

Francia pon ante a xustiza os seus «monstros». (ES) [+Info](#)

O Supremo confirma a condena de 50 anos de cárcere para o mozo que retivo e violou durante 35 días a unha menor. (ES) [+Info](#)

A audiencia de Vigo priva a un agresor sexual de calquera dereito sobre o seu fillo. (ES) [+Info](#)

Condenado por tentar asasinar a súa ex parella co cable dun cargador na Coruña. (ES) [+Info](#)

Fenda de xénero tamén nas pensións: as mulleres perciben ata un 50 % menos. (ES) [+Info](#)

Nove noes e sete síes á paridade de mulleres e homes nas directivas das cofradías galegas. (ES) [+Info](#)

As denuncias por acoso sexual son a materia pendente no Exército? (ES) [+Info](#)

Son unha rapaza de 15 anos. Déixame mostrarche a vil misoxinia que me confronta nas redes sociais todos os días. (EN) [+Info](#)

Asasinada unha muller pola súa ex parella en Madrid. (ES) [+Info](#)

Os rezos «antiaborto» voltan a Córbona o día que o goberno anuncia estudar zonas de seguridade. (ES) [+Info](#)

Condenado por quebrantar 52 veces a orde de afastamento da súa ex parella en nove meses. (ES) [+Info](#)

O PSdG alerta das desigualdades das mulleres na pesca. (GA) [+Info](#)

12 anos e 9 meses de prisión para un home acusado de agredir sexualmente e lesionar a súa ex parella en Ourense. (GA) [+Info](#)

Cinco anos de prisión para un home que abusou sexualmente dunha menor con discapacidade. (GA) [+Info](#)

As mulleres galegas gañan 4.300 euros ao ano ca os homes e a fenda salarial supera o 26 % no sector privado. (GA) [+Info](#)

O clube de lectura secreto de mulleres afgás que desafían os talibáns a ler a Orwell. (EN) [+Info](#)

Unha muller e a súa filla de 12 anos asasinadas na súa casa en Castellón. (ES) [+Info](#)

Dimite o xefe operativo da Policía Nacional tras admitirse a trámite a denuncia contra el por violación. (ES) [+Info](#)

A xustiza europea admite a prohibición do veo que oculta a cara, mais rexeitou os motivos que esgrimen Vox e Junts. (ES) [+Info](#)

Un fiscal investiga ao «Pelicot sueco», acusado de prostituír a súa muller con máis dun centenar de homes. (ES) [+Info](#)

Golpear sen deixar marca: a lei que desprotexe as mulleres afgás. (ES) [+Info](#)

Máis de 50 entidades únense contra o veto de Igualdade os colectivos non abolicionistas: «É inconstitucional». (ES) [+Info](#)

A Xunta endurece o acceso ao seu plan de atención psicolóxica para vítimas de violencia machista. (GA) [+Info](#)

«Non quero microxestionar o meu corpo»: como a *cinturilla* axustable converteuse nun xeito de recuperar o control. (EN) [+Info](#)

O fútbol austriaco vese conmocionado tralo achado de cámaras ocultas no vestiario de equipo feminino de Altag. (EN) [+Info](#)

A Policía investiga denuncias de que Epstein traficaba con mulleres a través de aeroportos do Reino Unido. (EN) [+Info](#)

Coñece as campioás europeas en igualdade de xénero no ámbito da investigación e a innovación (EN) [+Info](#)

Os homes ante o acoso sexual. (ES) [+Info](#)

Gisèle Pelicot: «O meu exmarido teríame matado se non o tiveran descuberto» (ES) [+Info](#)

As vítimas de clase obreira de Epstein. (ES) [+Info](#)

A exposición «Virando o rosa», de Diana Fajardo, mira o cancro con perspectiva de xénero. (GA) [+Info](#)

«Sentínme traizoada, espida»: un novelista premiado roubou a historia de vida dunha muller? (EN) [+Info](#)

Os clubs de ciencia dos centros educativos rompen as barreiras de xénero. (ES) [+Info](#)

O negociador da Garda Civil intervéñ en Gondomar e un home entregase tras efectuar dous disparos a unha muller. (ES) [+Info](#)

- O Ministerio de Educación retira a condición de mestre a Mariño Ramos, condenado por abusar sexualmente dunha alumna. (ES) [+Info](#)
- O Reina Sofía reescribe a súa historia: máis mulleres, menos xerarquías e o visitante como protagonista. (ES) [+Info](#)
- Un home mata a súa ex parella nun centro de saúde de Benicàssim, onde traballaba como enfermeira. (ES) [+Info](#)
- A ex concelleira de Móstoles querébase por acoso sexual e laboral contra o alcalde Manuel Bautista e o PP. (ES) [+Info](#)
- O Supremo alertou do risco de illamento das mulleres ó prohibir o *burka* como piden PP e Vox. (ES) [+Info](#)
- A Fiscalía eleva o caso de acoso sexual a unha ex-edil de Torremolinos: «É unha mensaxe importante para quen teme denunciar». (ES) [+Info](#)
- Unha enquisa alerta da violencia no traballo que sufren as traballadoras do fogar migrantes. (ES) [+Info](#)
- Eroski activa un protocolo nas súas tendas, Puntos Refuxio ante agresión machistas e o colectivo LGTBI+. (ES) [+Info](#)
- As publicacións científicas fíanse menos das investigadoras. (ES) [+Info](#)
- Morre Teresa de Lauretis, pensadora referente da teoría Queer. (ES) [+Info](#)
- O Ministerio de Turismo investiga a Semana Santa de Sant Cugat pola exclusión de mulleres na cofradía. (ES) [+Info](#)
- A Universidade de Santiago elixe a primeira reitora da historia de Galicia. (ES) [+Info](#)
- A Fiscalía pide a Igualdade que bloquee as webs de 13 axencias de ventres de alugueiro. (ES) [+Info](#)
- A intelixencia artificial ten xénero? (ES) [+Info](#)
- Francia enviará cartas sobre fertilidade a mocidade de 29 anos para impulsar o seu «rearme demográfico». (ES) [+Info](#)
- A Xunta retirou a atención psicolóxica a unha vítima de violencia machista en contra do criterio profesional. (ES) [+Info](#)
- A lei de violencia vicaria machista: unha norma insuficiente, con fendas e que esperta dúbidas. (ES) [+Info](#)

O PP de Ayuso ignorou en 2023 a unha vítima que presentou unha condea firme por violencia de xénero contra un membro dun comité interno. (ES) [+Info](#)

O protocolo antiacoso do PP non existe: é o único partido con representación parlamentaria que non o ten. (ES) [+Info](#)

Os Mossos evitaron o matrimonio forzado de 47 mulleres e nenas en Cataluña dende o 2021. (ES) [+Info](#)

A incidencia de autismo é similar en rapaces e rapazas, aínda que a eles se lles diagnostica antes. (ES) [+Info](#)

Morre aos 90 anos a oceanógrafa Josefina Castellví, a primeira muller que dirixiu unha base na Antártida. (ES) [+Info](#)

Máis dunha vintena de organizacións asinan unha carta aberta en contra do anteproxecto de lei de violencia vicaria machista. (ES) [+Info](#)

A violencia institucional machista tras os feminicidios. (ES) [+Info](#)

A fenda persiste na UVigo: as investigadores soamente dirixen catro de cada dez proxectos. (ES) [+Info](#)

Capitolina Díaz, Premio Nacional de Socioloxía: «A discriminación ás mulleres sigo véndoa cada día». (ES) [+Info](#)

Así son os novos xuíces: mulleres novas e sen xuristas na familia cercana. (ES) [+Info](#)

Delilah Boh, a nova vangarda punk é feminista. (ES) [+Info](#)

O goberno culmina o proceso para ampliar a xustiza gratuíta para todas as vítimas de violencia sexual. (ES) [+Info](#)

Ana Gallego, unha «paracaidista» ao fronte da política de xustiza europea. (ES) [+Info](#)

Stella Li, a raíña do coche eléctrico que arrinca as adhesivos a Tesla. (ES) [+Info](#)

Igualdade cambia as pulseiras telemáticas para agresores por noleiras tras os erros no sistema. (ES) [+Info](#)

Seguir o rastro dos cartos. Por que un obreiro teme máis a unha feminista que a un fondo voitre que o pode desafiuzar. (ES) [+Info](#)

Jedet gaña o xuízo por agresión sexual contra o produtor Pérez Santana: «Quero animar ás mulleres da industria audiovisual a que alcen a voz» (ES) [+Info](#)

O abandono educativo cae en España a un histórico 12,8 % grazas ao tirón das mulleres. (ES) [+Info](#)

DATOS

Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2024. [+Info](#)

Informe Global de Fenda de Xénero 2025. [+Info](#)

Índice de Igualdade de Xénero 2025: Datos máis precisos para un mundo cambiante. [+Info](#)

Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2025. A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

FERRAMENTAS DE IGUALDADE



Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego, inglés e adaptado a lectura fácil

Recursos contra as violencias machistas da UVigo (GA/ES/EN e lectura fácil) [+Info](#)

Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da

Universidade de Vigo (GA, ES e Lectura fácil) [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20
986 293 963
- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24
988 393 191

- CIM Pontevedra. Praza de José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Centros de crise 24h Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

Resolución do 10 de decembro do 2025, da Secretaría de Estado de Igualdade e para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 17 de novembro de 2025, relativo á acreditación das situacións de violencias sexuais. [+Info](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2025](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)